



## INCORPORACIÓN AO TRABALLO

### EMISORISTAS

#### OPERADORES/AS CODIFICADORES/AS DE DATOS

Todo o persoal que desempeñamos a nosa actividade profesional nas oficinas do CCD, CCP e CCC, deberiamos de seguir este protocolo de hixienización:

- Tanto ao comezo da nosa quenda como á súa finalización, despois de ventilar, a/as persoa/s usuaria/s procederemos a realizar a limpeza de todas aquelas superficies obxecto de manipulación durante o servizo, entre as que se incluírán o teclado do computador, teléfonos (facendo fíncapé nas botoneiras e auriculares), emisoras (con especial incidencia en botoneiras e micros) así como en todo aquel material e equipamento que se prevexa utilizar ou que fose usado durante a garda.
- A hixienización levará a cabo con panos e/ou toallitas desbotables impregnadas de:
  - . peróxido de hidróxeno (concentrado de auga oxixenada) ao 1%,
  - . unha solución de 7 partes de alcohol de 96° e 3 partes de auga ou
  - . outros produtos comerciais con especificacións concretas de eficacia fronte a virus.

<https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>

No caso de que na nosa oficina e durante a nosa xornada laboral coincidamos 2 ou máis persoas:

- Realizaremos o noso traballo gardando a distancia mínima de seguridade de 2 m.
- De non poder manter a distancia de seguridade, levaremos posta unha mascarilla.
- Ademais, levaremos a mascarilla sempre posta para ir a outros despachos, baños, etc.

No caso de atención ao público, atenderemos aos cidadáns dun en un, gardando a distancia mínima de seguridade, coa mascarilla posta e tentando que a persoa atendida non toque nada. (O ideal sería que unicamente puidesen acceder ao CCD e/ou CCP as persoas que pasasen satisfactoriamente un control de temperatura efectuado polo persoal de seguridade á entrada do edificio, con termómetros dixitais de non contacto (ou cámara térmica)).

En todas as oficinas dispoñeremos de xeles hidroalcohólicos, mascarillas e luvas de nitrilo.

Na zona de atención ao público, haberá unha sinalización clara para manter a distancia mínima de seguridade.

**Este protocolo poderá ser obxecto de variacións a medida que recibamos novas instrucións.**